

EXPEDIENTE: 2024/C003/000004

CONTRATO ADMINISTRATIVO: MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL. FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL ADICIONAL 2024.

COMPARECEN:

Don Luis Lisardo Santos Ares, alcalde do Concello de Sobrado, actuando en nome e representación deste

Don Jorge Espiño López , con DNI 79331945T, en nome e representación da empresa CONSTRUCCIONES M.ESPIÑO SL , con CIF B15592314.

A secretaria-interventora da corporación, Alejandra D. Fandiño Sánchez, da fe do acto.

As anteditas persoas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente contrato administrativo, e ó efecto expoñen:

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

- Decreto nº 305/2024 de 05.08.2024 polo que se incoa o expediente de contratación.
- Logo da tramitación correspondente, resulta adjudicataria a empresa, que depositou o aval Nº 691692 , constituído por ABANCA por importe de 2.214,00 €, en concepto de fianza definitiva para responder dos conceptos previstos no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Sobre os antecedentes que preceden, as partes proceden a outorgar contrato administrativo de execución de obra pública con base nas seguintes:

CLÁUSULAS:

1. Don Jorge Espiño López con DNI 79331945T , en representación de CONSTRUCCIONES M.ESPIÑO SL comprométese á execución do contrato administrativo da obra denominada "Mellora de eficiencia enerxética de vestiarios do campo de fútbol municipal" nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, que se consideran parte integrante do presente contrato, e de acordo coa proposta presentada pola empresa.
2. Establecer como prezo do contrato a cantidade de 53.578,80 €, IVE incluído (importe de adjudicación sen IVE: 44.280,00 €).
3. O prazo de execución das obras é de 2 MESES, prazo que empezará a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo. Pero debido ao prazo de xustificación da suvención do Fondo de Cooperación Adicional 2024 o prazo límite **para a execución é o 8 de novembro de 2024.**
4. O prazo de garantía é de 5 ANOS a contar dende a sinatura da acta de recepción.

5. O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

a) Do cartel da obra.

b) Do cartel da obra e a súa contorna.

En ambos os dous casos deberá levar ao dorso a firma do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital con firma electrónica a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases.

6. O presente contrato ten carácter administrativo e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación vixente dos contratos das Administracións Públicas (Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014 e disposicións de desenvolvemento) aplicándose, de xeito supletorio, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

7. Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar este contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da súa execución, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos deste porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Documento asinado electrónicamente ao marxe